



Concello do Grove

# B A N D O

## CENSO DE CURRAIS FAMILIARES

Infórmanos que durante todo o ano 2021 detectáronse en Europa diversos casos de gripe aviaria en aves silvestres e aves de curral. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o pasado 2 de decembro elevou o nivel de risco de aparición do virus da influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP) en España nos concellos incluídos nas denominadas Zona de Especial Risco (ZER) entre os cales se encontra o noso concello. A Orde APA/2442/2006, de 27 de xullo, **obriga a crear un censo dos currais familiares** para enviar a **Xunta de Galicia**. Para colaborar na elaboración deste censo, no caso de ter aves de curral debe cubrir o correspondente formulario, que estará á súa disposición no rexistro do Edificio Administrativo do concello. A única finalidade deste rexistro é ter constancia da existencia do curral, como información de interese nunha situación de emerxencia sanitaria por influenza aviaria no territorio galego.

Se precisa máis información pode dirixirse a oficina de medioambiente (986730227) ou aos Servizos Veterinarios Oficiais da Oficina Agraria Comarcal de Vilagarcía.

Jose A. Cacabelos Rico

Alcalde

O Grove, 31 de decembro de 2021

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 5AWHF7HYEYX47YKMMNF99ZY76 | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1